

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

11182 *Real decreto 822/2010, do 25 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 10/2009, do 20 de outubro, de creación de órganos consultivos do Estado no ámbito agroalimentario e de determinación das bases de representación das organizacións profesionais agrarias.*

A Lei 10/2009, do 20 de outubro, de creación dos órganos consultivos do Estado no ámbito agroalimentario e de determinación das bases de representación das organizacións profesionais agrarias (en diante, OPAS), cumpre o mandato constitucional que lles impón aos poderes públicos o deber de facilitar a participación dos cidadáns, a través das súas organizacións profesionais, na defensa dos seus intereses, neste caso concreto do sector agroalimentario e rural, ademais de dar resposta a unha antiga aspiración das OPAS para crear un novo marco institucional de interlocución coa Administración do Estado, máis áxil e efectivo.

Este marco institucional vén establecido pola citada lei, que crea dous órganos colexiados de carácter consultivo; o Consello Agroalimentario do Estado, para debater as grandes orientacións da política agraria e alimentaria desde unha perspectiva integral e cunha visión ampla das interrelacións que se producen dentro do sector agroalimentario e as súas múltiples dimensións económicas, políticas e socioculturais, e o Comité Asesor Agrario, para tratar coas organizacións profesionais agrarias asuntos xerais relacionados coa agricultura en tanto que sector produtivo e cos intereses do mundo rural.

Así mesmo, regula a representatividade das OPAS de carácter xeral, no ámbito das competencias da Administración xeral do Estado, para a súa participación en tales órganos, requisito necesario para constituílos con lexitimidade social e eficiencia nas funcións de interlocución cos poderes públicos.

Con base nestas consideracións e en cumprimento do previsto nos artigos 2.4 e 3.3 e na disposición derradeira segunda da citada Lei 10/2009, do 20 de outubro, que faculta o Goberno para o seu desenvolvemento regulamentario, mediante este real decreto apróbase o regulamento que establece, por unha parte, a composición e as funcións dos citados órganos colexiados e, por outra, a representatividade das OPAS para a súa participación nesos órganos.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector afectado, así como o Consello de Consumidores e Usuarios.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xuño de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o regulamento de desenvolvemento da Lei 10/2009, do 20 de outubro, de creación de órganos consultivos do Estado no ámbito agroalimentario e de determinación das bases de representación das organizacións profesionais agrarias, cuxo texto se inclúe a seguir.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do citado regulamento.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de xuño de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA

REGULAMENTO DE DESENVOLVEMENTO DA LEI 10/2009, DO 20 DE OUTUBRO, DE CREACIÓN DE ÓRGANOS CONSULTIVOS DO ESTADO NO ÁMBITO AGROALIMENTARIO E DE DETERMINACIÓN DAS BASES DE REPRESENTACIÓN DAS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS

CAPÍTULO I

Consello Agroalimentario do Estado

Artigo 1. *Natureza e adscrición.*

O Consello Agroalimentario do Estado é un órgano colexiado de carácter consultivo, adscrito ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través do seu titular, coa finalidade de asesorar a Administración xeral do Estado na determinación das orientacións xerais da política agroalimentaria.

Artigo 2. *Funcións.*

Corresponden ao Consello as seguintes funcións:

- a) Informar sobre todos aqueles asuntos específicos en materia agroalimentaria que sexan sometidos á súa consideración.
- b) Asesorar a Administración xeral do Estado na definición dos obxectivos da política agroalimentaria.
- c) Formular recomendacións para a mellora da competitividade dos produtos agroalimentarios.
- d) Propor medidas para a promoción de políticas de calidade no sector agroalimentario español.
- e) Propor políticas que leven a mellorar e a fomentar o emprego e a formación no sector agroalimentario.

Artigo 3. *Composición.*

1. O Consello estará integrado por:

- a) Presidencia: titular do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que poderá delegar no secretario de Estado de Medio Rural e Auga.
- b) Os seguintes membros:

1.º Pola Administración xeral do Estado: un número de representantes que sexa paritario cos representantes que resultaren dos puntos 2.º a 6.º e cos representantes do artigo 5.1, con rango polo menos de director xeral, ou en quen estes deleguen. Os ministerios de Economía e Facenda; Industria, Turismo e Comercio; e Sanidade e Política Social terán un representante cada un, correspondendo o resto ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e serán nomeados por proposta dos ministros correspondentes.

2.º Polas organizacións profesionais agrarias máis representativas a nivel estatal: un representante proposto por cada organización recoñecida como máis representativa no ámbito estatal.

3.º Polas asociacións máis representativas do cooperativismo agrario de ámbito estatal: un representante proposto por elas.

4.º Polas asociacións máis representativas da industria agroalimentaria de ámbito estatal: un representante proposto por elas.

5.º Polas organizacións sindicais máis representativas a nivel estatal: dous representantes propostos por elas.

6.º Polas organizacións empresariais intersectoriais máis representativas a nivel estatal: dous representantes propostos por elas.

2. Para cada un dos membros do Consello designarase un suplente. Actuará como suplente do presidente o secretario de Estado de Medio Rural e Auga cando non lle fose delegada a Presidencia do Consello.

3. Actuará como secretario do Consello, con voz e sen voto, un funcionario do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Artigo 4. *Nomeamento e mandato.*

1. Os membros do Consello e os seus suplentes serán nomeados polo titular do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

2. O nomeamento dos membros electivos do Consello e dos suplentes será por un período de cinco anos.

3. A condición de membro do Consello perderase por expiración do mandato, por cesar no cargo que determinou o nomeamento ou por calquera outra causa legal.

Artigo 5. *Incorporación doutras organizacións.*

1. Incorporaranse ao Consello para efectos da aplicación, cando proceda, do disposto no artigo 2.3 da Lei 10/2009, do 20 de outubro, de creación de órganos consultivos do Estado no ámbito agroalimentario e de determinación das bases de representación das organizacións profesionais agrarias:

a) Un representante proposto pola Federación Nacional de Confrarías de Pescadores.

b) Un representante proposto polo Consello de Consumidores e Usuarios.

2. Poderán participar nos debates do Consello, con voz pero sen voto:

a) Os titulares de órganos superiores, directivos ou consultivos do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño ou doutros ministerios que sexan convocados polo presidente do Consello, en función dos asuntos que se vaian tratar, para que expoñan os proxectos e as iniciativas correspondentes ao seu ámbito competencial.

b) Membros de organizacións e entidades de ámbito estatal e carácter sectorial representativas doutros intereses, afectadas no seu ámbito de actuación sectorial polos asuntos que vaia tratar o Consello, convocados polo presidente do Consello.

Artigo 6. *Réxime de funcionamento.*

1. O Consello aprobará un regulamento de réxime interior.

2. O Pleno do Consello reunirse polo menos unha vez ao semestre e nos supostos establecidos polo regulamento de réxime interior.

3. En todo o non previsto no regulamento de réxime interior, o funcionamento do Consello rexerá polas disposicións sobre órganos colexiados establecidas no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CAPÍTULO II

Comité Asesor Agrario

Artigo 7. *Natureza e adscrición.*

O Comité Asesor Agrario é un órgano colexiado de carácter consultivo, adscrito ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través do seu titular, coa finalidade de asesorar a Administración xeral do Estado respecto de cuestións relacionadas co interese xeral agrario e rural.

Artigo 8. *Funcións.*

Correspóndenlle ao Comité as seguintes funcións:

- a) Informar sobre todos aqueles asuntos específicos en materia agraria que sexan sometidos á súa consideración.
- b) Efectuar as suxestións que se consideren convenientes con respecto a aquelas políticas que poidan afectar as condicións socioeconómicas da actividade agraria.
- c) Informar sobre a evolución da situación social e económica do sector agrario.
- d) Formular recomendacións para a adopción daquelas medidas que se coiden necesarias para mellorar a calidade de vida do sector agrario.
- e) Propor políticas que leven a mellorar e a fomentar o emprego e a formación no sector agrario.

Artigo 9. *Composición.*

1. O Comité estará integrado por:

- a) Presidencia: titular do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que poderá delegar no secretario de Estado de Medio Rural e Auga.
- b) Os seguintes membros:

1.º Pola Administración xeral do Estado: un número de representantes do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño igual ao das organizacións profesionais agrarias representadas no Comité, con rango polo menos de director xeral, ou en quen estes deleguen, por proposta do titular do departamento.

2.º Polas organizacións profesionais agrarias: dous representantes propostos por cada organización recoñecida como máis representativa no ámbito estatal. Ademais, terán un representante adicional aquelas organizacións que obteñan máis do 40 por 100 de votos electorais no conxunto dos procesos electorais realizados como mínimo en nove comunidades autónomas.

2. Para cada un dos membros do Comité designarase un suplente. Actuará como suplente do presidente o secretario de Estado de Medio Rural e Auga cando non lle fose delegada a presidencia do Comité.

3. Actuará como secretario do Comité, con voz e sen voto, un funcionario do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Artigo 10. *Nomeamento e mandato.*

1. Os membros do Comité e os seus suplentes serán nomeados polo titular do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.
2. O nomeamento dos membros electivos do Comité e dos suplentes será por un período de cinco anos.
3. A condición de membro do Comité perderase por expiración do mandato, por cesar no cargo que determinou o nomeamento ou por calquera outra causa legal.

Artigo 11. *Participación doutros asistentes.*

Poderán participar nos debates do Comité, con voz pero sen voto:

- a) Os titulares de órganos superiores, directivos ou consultivos do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño ou doutros ministerios que sexan convocados polo presidente do Comité, en función dos asuntos que se vaian tratar, para que expoñan os proxectos e as iniciativas correspondentes ao seu ámbito competencial.
- b) Membros doutras organizacións de ámbito estatal e carácter sectorial representativas de intereses en materia agraria e rural, que teñan relación cos asuntos que se vaian tratar, convocados polo presidente do Comité.

Artigo 12. *Réxime de funcionamento.*

1. O Comité aprobará un regulamento de réxime interior.
2. O Pleno do Comité reunirse polo menos unha vez ao semestre e nos supostos establecidos polo regulamento de réxime interior.
3. En todo o non previsto no regulamento de réxime interior, o funcionamento do Comité rexeráse polas disposicións sobre órganos colexiados establecidas no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

CAPÍTULO III

Representatividade das organizacións profesionais agrarias perante a Administración xeral do Estado

Artigo 13. *Natureza da representatividade no ámbito estatal.*

As organizacións profesionais agrarias que alcancen a consideración de «organización profesional agraria máis representativa no ámbito estatal» poderán desenvolver, de acordo coas previsións establecidas no artigo 7 da Lei 10/2009, do 20 de outubro, funcións de representación institucional ante a Administración xeral do Estado e outras entidades e organismos de carácter público dependentes dela.

Artigo 14. *Criterios de representatividade.*

1. Considerarase, de acordo co artigo 4 da Lei 10/2009, do 20 de outubro, «organización profesional agraria máis representativa no ámbito estatal»:

a) Aquela organización profesional agraria de carácter xeral que acredite, no momento de presentar a súa solicitude de recoñecemento, que obtivo, polo menos, un 15 por 100 dos votos electorais no conxunto dos procesos electorais realizados polas comunidades autónomas para a súa participación en órganos e entidades consultivos autonómicos, e que concorreu, como mínimo, a procesos electorais de nove comunidades autónomas.

A este respecto, computaranse os resultados do último proceso electoral desenvolvido en cada comunidade autónoma para elixir representantes en órganos e entidades consultivos autonómicos.

b) Aquela organización profesional agraria que, non alcanzando esa consideración pola modalidade establecida na letra a), obtívase recoñecemento como organización máis representativa en polo menos dez comunidades autónomas.

2. Para efectos do disposto no punto 1, a Administración xeral do Estado terá en conta unicamente as modalidades de medición ou recoñecemento da representatividade que en cada momento fosen adoptadas por cada unha das comunidades autónomas, e que estean vixentes no momento de presentar a solicitude de recoñecemento.

Artigo 15. *Formalización do recoñecemento da representatividade estatal.*

1. A organización profesional agraria poderá presentar a solicitude de recoñecemento de «organización profesional agraria máis representativa no ámbito estatal» ante o Rexistro do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, dirixida ao subsecretario do departamento.

De acordo co disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, os interesados poderán presentar por medios electrónicos a documentación a que se refire esta orde no enderezo <https://sede.marm.gob.es/portal/site.se>, que terá a mesma validez que a presentada en soporte papel.

2. A solicitude irá acompañada, ben do certificado do órgano competente de cada comunidade autónoma que acredite a participación da organización agraria nos respectivos procesos electorais e a porcentaxe de votos obtidos, ben do certificado do órgano competente, como mínimo de dez comunidades autónomas, en que se acredite o recoñecemento da organización agraria como máis representativa na comunidade autónoma de que se trate, de acordo co establecido no artigo anterior.

3. Para ambos os casos, o subsecretario do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño resolverá mediante resolución, no prazo de catro meses, sobre a petición de «organización profesional agraria máis representativa no ámbito estatal», de acordo coa documentación e certificacións remitidas polo petionario, recoñecendo a representatividade estatal correspondente, de ser o caso.

Artigo 16. *Avaliación periódica da representatividade estatal.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño procederá cada cinco anos a efectuar unha nova avaliación da representatividade estatal recoñecida ás organizacións profesionais agrarias, de acordo cos procedementos establecidos na Lei 10/2009, do 20 de outubro, e neste regulamento.

2. A revisión efectuaráa de oficio a Subsecretaría do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño antes da conclusión do período de cinco anos de mandato de cada órgano colexiado, solicitando das organizacións profesionais agrarias representadas en tales órganos que acrediten a subsistencia da condición de «organización profesional agraria máis representativa no ámbito estatal», mediante a presentación da documentación actualizada requirida para a súa primeira formalización de recoñecemento, segundo dispón o artigo anterior.

3. En calquera momento do citado período de cinco anos, a Administración xeral do Estado poderá recoñecer a representatividade estatal das organizacións profesionais agrarias que o soliciten e reúnan os requisitos exixidos.

Disposición adicional única. *Medios de funcionamento.*

A constitución e o funcionamento dos órganos colexiados regulados neste regulamento non suporá ningún incremento do gasto público, xa que se atenderán cos recursos persoais e materiais existentes no Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.